



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2025

En Laxe, sendo as 14:00 horas do 6 de febreiro de 2025, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Non asisten:

Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día:

1.-Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2025 da Deputación Provincial de A Coruña. Expte. núm. 2024/A008/000042.

Dase lectura da seguinte proposta:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025"

Expte. Admvo. Núm. 2024/A008/000042

A Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2025" no BOP núm. 233 de 03/12/2024.

Este plan consta de dous tipos de achegas provinciais: achega provincial 2024 e achega provincial 2025 que se destinarán aos distintos obxectos descritos nas ditas bases en función da súa natureza.

As cantidades asignadas ao Concello de Laxe para cada un destes tipos de achega son as seguintes:

Achega provincial 2024: 181.290,89 €

Achega provincial 2025: 186.784,55 €

Total POS+ 2025: 368.075,44 €

Ademais consta dun Plan Complementario no que o Concello deberá solicitar investimentos financeiramente sostibles por un importe total mínimo do 25% da achega provincial 2025 asignada, aínda que se aconsella que sexa maior (base 4.3).

Con respecto a este plan, formúlase a seguinte proposta ao Pleno da Corporación:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	181.290,89 €
Subtotal gasto corrente	181.290,89 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA DAS PRAZAS DE AREAL	41.134,99 €	0	0	0	41.134,99 €
PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA DO FIRME E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO EN O APLAZADOIRO	145.648,10 €	0	0	0	145.648,10 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	186.783,09 €	0	0	0	186.783,09 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0				0
	Achega 2024	181.290,89 €				181.290,89 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	186.783,09 €	0	0	0	186.783,09 €
	Achega 2024	0	0	0	0	0
C- TOTAL	Achega 2025	186.783,09 €	0	0	0	186.783,09 €
	Achega 2024	181.290,89 €	0	0	0	181.290,89 €
	TOTAL	368.073,98 €	0	0	0	368.073,98 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
PROXECTO TÉCNICO DE REURBANIZACIÓN DO TRAMO NORTE DA RÚA CAMIÑO DE BESUGUEIRA	167.607,53 €	2.457,80 €	165.149,73 €
TOTAIS	167.607,53 €	2.457,80 €	165.149,73 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Intervén a concelleira do BNG, Dona Isabel María Toja Toja e dando lectura o seguinte escrito que se reproduce a continuación:

Esta non sería a proposta de POS que faría o BNG, sobre todo porque non é consensuada coa oposición, que por certo suma conxuntamente 998 votos fronte aos seus 951 polo que ben poderían escoitar algunha proposta, pero foi chegar o PP ao goberno de Laxe, en breve fará 7 anos, e cargáronse a Xunta de Portavoces e non fan partícipes a oposición nas propostas do POS nin na elaboración dos orzamentos.

O Partido Popular en estado puro, aplicando o rodillo democrático que tanto o caracteriza.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mais nunca o BNG desde a creación do Plan Único da Deputación, creación por certo da parte do goberno do BNG, ese Plan que tanto axuda aos concellos, que reparte dun xeito equitativo a todos aos concellos, aos do PP tamén, ao revés do que fai o PP cando goberna a Deputación da Coruña que só lle da aos seus, ese Plan que reparte casi o mesmo diñeiro en 93 concellos da provincia que o Fondo de Cooperación Local da Xunta nos 315 concellos de Galicia, nunca votamos en contra da proposta de POS do goberno municipal aínda que non sexa a nosa proposta porque en definitiva tamén afecta a moitos/as votantes nosos/as.

Polo tanto, e a pesar de todo o anteriormente exposto, o voto do BNG vai ser favorable.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns manifesta que nunca, estando na oposición, os chamaron para consensuar un POS e que non é comprensible esixir o que non se fixo. Entenden que as obras son necesarias e son as que mais lles reclaman.

Don Francisco José Vidal Castro, concelleiro do Grupo Mixto e representante de PsdeG PSOE manifesta que non hai consenso, que non hai proxectos que se poidan ver e que descoñece o que se vai facer nas prazas do Areal, ou como no caso do aparcamento de Santa Rosa, que non se lles preguntou aos veciños.

O alcade manifesta que cando se fan estas obras é porque llas reclaman os veciños e que os proxectos estiveron a súa disposición nas oficinas xerais dende a convocatoria do pleno e non perderon nin un minuto en vir a velos, que o que teñen que facer é exercer de concelleiros.

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifesta que coincide co manifestado polos compañeiros. Que se o alcalde se quere diferenciar faga as cousas doutra forma. Di que son obras necesarias pero non coincide coa forma e que o argumento que manifesta o alcalde, non se lle debe aplicar a eles, porque non formaban parte da oposición.

O alcalde manifesta que os prazos son curtos, hai que facer proxectos, pedir informes sectorais e oxalá se poideran meter mais obras, pero hai que axustarse ao importe.

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS pregunta se no proxecto do Camiño de Besugueira, vai recollida a canalización para a fibra. O concelleiro de Persoal, Servizos, Obras e Praias deste concello, Don Eulogio Constantino Castiñeira contesta que si.

Intervén de novo, Don Fernando del Moral Regaldíe e manifesta que quere que conste en acta, que non vota en contra das obras que se van a executar, senon das formas da xestión.

O alcalde contéstalle que busque a excusa que queira, pero o que está facendo é votar en contra das obras que van mellorar o entorno.

Concluído o debate, sométese o asunto a votación.

VOTOS A FAVOR: 6 [5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 1 de BNG (Dona Isabel María Toja Toja)]

VOTOS EN CONTRA: 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Castro Vidal representante de PSdeG PSOE)

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	181.290,89 €
Subtotal gasto corrente	181.290,89 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
PROXECTO TÉCNICO DE MELLORAS DAS PRAZAS DE AREAL	41.134,99 €	0	0	0	41.134,99 €
PROXECTO TÉCNICO DE MELLORAS DO FIRME E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO EN O APLAZADOIRO	145.648,10 €	0	0	0	145.648,10 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	186.783,09 €	0	0	0	186.783,09 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello			Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
	Achega 2025	0			0



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	181.290,89 €				181.290,89 €
	Achega 2025	186.783,09 €	0	0	0	186.783,09 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	0	0	0	0	0
	Achega 2025	186.783,09 €	0	0	0	186.783,09 €
C- TOTAL	Achega 2024	181.290,89 €	0	0	0	181.290,89 €
	TOTAL	368.073,98 €	0	0	0	368.073,98 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
PROXECTO TÉCNICO DE REURBANIZACIÓN DO TRAMO NORTE DA RÚA CAMIÑO DE BESUGUEIRA	167.607,53 €	2.457,80 €	165.149,73 €
TOTAIS	167.607,53 €	2.457,80 €	165.149,73 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



2.-Modificación do apartado de gastos correntes da aprobación do POS+adicional 1/2025 da Deputación Provincial de A Coruña, para gastos sociais extraordinarios. Expte. Núm. 2024/A008/000043.

Dase lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA
Asunto: MODIFICACIÓN APARTADO GASTOS CORRENTES DA APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS “POS+ ADICIONAL 1/ 2025”
Expte. Admvo. Núm.: 2024/A008/000043

A Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2025 no que regula simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicando as bases da convocatoria no BOP núm. 233, de 03/12/2024.
Na circular remitida a este concello pola Deputación Provincial da Coruña, consta que a cantidade asignada no POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 é de 38.455,64 euros.
O día 13 de xaneiro de 2025 en pleno extraordinario aprobouse participar no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2025 da Deputación provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	38.455,64 €
--	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	37.345,63 €		37.345,63 €	37.345,63 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i					
Investimentos: Tipoloxía j	1.110,01 €		1.110,01 €	1.110,01 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	38.455,64 €	0,00 €	38.455,64 €	38.455,64 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	37.345,63 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	1.110,01 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	38.455,64 €

O día 29 de xaneiro de 2025 recibíuse requirimento por parte da Deputación Provincial da Coruña, na que hai que modificar o anexo XVI, indicando na columna A de cada apartado a previsión de gastos totais e na columna B outros ingresos previstos (Xunta, copago persoas usuarias...) que non se incluíron no acordo plenario do día 13 de xaneiro de 2025, e que non supón modificación algunha en canto as cantidades asignadas nin as cantidades solicitadas polo concello, quedando da seguinte forma:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	38.455,64 €				
<i>(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)</i>					
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	425.072,00 €	387.726,37 €	37.345,63 €	37.345,63 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	1.110,01 €		1.110,01 €	1.110,01 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	426.182,01 €	387.726,37 €	38.455,64 €	38.455,64 €	0,00 €

IMPORTE SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	37.345,63 €	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	1.110,01 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	38.455,64 €	

Con respecto a este plan, fórmase a seguinte proposta ao Pleno:

1.- Modificar o apartado de gastos correntes, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	38.455,64 €				
<i>(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)</i>					
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	425.072,00 €	387.726,37 €	37.345,63 €	37.345,63 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	1.110,01 €		1.110,01 €	1.110,01 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	426.182,01 €	387.726,37 €	38.455,64 €	38.455,64 €	0,00 €

IMPORTE SOLICITADOS



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

I. Importe solicitado para gastos correntes	37.345,63 €	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	1.110,01 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	38.455,64 €	

O alcalde explica brevemente o expediente.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 3 [1 de BNG (Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Castro Vidal representante de PSdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

1.- Modificar o apartado de gastos correntes, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	38.455,64 €				
<i>(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)</i>					
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	425.072,00 €	387.726,37 €	37.345,63 €	37.345,63 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	1.110,01 €		1.110,01 €	1.110,01 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	426.182,01 €	387.726,37 €	38.455,64 €	38.455,64 €	0,00 €

IMPORTE SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	37.345,63 €	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	1.110,01 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	38.455,64 €	

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:12 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a Secretaria, a presente Acta que asina o



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.